

FUNDAMENTOS

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos



FUNDAMENTOS

Páxina 5	1. INTRODUCCIÓN 1.1. QUE É O CORONAVIRUS 1.2. O QUE SE COÑECE DA INFECCIÓN POR SARS-COV-2 NA POBOACIÓN INFANTIL 1.3. A PREVENCIÓN ANTE A COVID-19 E O MODELO DO QUEIXO SUÍZO
Páxina 12	2. FUNDAMENTOS DA AUTOPROTECCIÓN E DA PREVENCIÓN DE RISCOS 2.1. PRINCIPIOS SANITARIOS BÁSICOS 2.2. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
Páxina 21	3. PERSOAL ESPECIALMENTE VULNERABLE. TRÁMITES E XESTIÓN 3.1. INTRODUCCIÓN 3.2. XESTIÓN DAS PETICIÓN
Páxina 24	4. PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS
Páxina 25	5. DOCUMENTACIÓN E FONTES DE INFORMACIÓN

FUNDAMENTOS

Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos



1. INTRODUCCIÓN

1.1. QUE É O CORONAVIRUS

Os coronavirus conforman un grupo numeroso de virus. Están compostos dun núcleo de material xenético rodeado por unha envoltura de graxas con proteína de espiñas. Isto dálle a aparencia dunha coroa. De aí reciben o seu nome.

Existen diferentes tipos de coronavirus que causan síntomas respiratorios e, ás veces, gastrointestinais. Na maioría dos casos, as enfermidades respiratorias poden variar desde un catarro común ata unha pneumonía e os síntomas adoitan ser leves, aínda que algúns tipos de coronavirus poden causar enfermidades graves. Entre eles atópanse o coronavirus causante da síndrome respiratoria aguda grave (SARS), identificado por primeira vez en China en 2003, e o coronavirus causante da síndrome respiratoria de Oriente Medio (MERS-CoV), que se identificou por vez primeira en Arabia Saudita en 2012. O novo coronavirus de 2019 foi identificado na China e denomínase SARS-CoV-2. Este coronavirus SARS-CoV-2 é un novo tipo de coronavirus que pode afectar ás persoas e que se detectou por vez primeira en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, provincia de Hubei, na China. A enfermidade que causa denomínase COVID-19.



1.2. O QUE SE COÑECE DA INFECCIÓN POR SARS-COV-2 NA POBOACIÓN INFANTIL

Nos últimos meses téñense publicado diversos informes que recollen a bibliografía sobre a infección do SARS-CoV-2 na poboación infantil. Nestes é salientable que en contra da idea inicial a maioría destes estudos desmenten que a poboación infantil teña unha capacidade de contaxio superior á da poboación xeral.

As últimas evidencias indican que a infección polo SARS-CoV-2 na poboación infantil é menos grave que a dos adultos, sendo a maioría dos contaxios nesta poboación asintomáticos ou leves, en comparación coa dos adultos.

As investigacións que se teñen realizado de forma específica na contorna das escolas parecen demostrar que neste ámbito concreto, a infección é pouco común e non é a causa principal da infección polo virus, particularmente en preescolares e en educación primaria.

O Centro Europeo de Prevención e Control de Enfermidades (ECDC) indica que se se aplican as medidas de distanciamento e hixiene adecuadas o risco de contaxio nas escolas non é superior ao dos espazos ocupacionais ou de ocio cun número de persoas similares.

A diferenza doutras infeccións, os datos preliminares suxiren que os nenos xogan un papel menor na cadea de transmisión da enfermidade, e son os adultos a fonte principal de contaxio, sendo que os casos pediátricos se producen de forma maioritaria por contaxio a través da convivencia con adultos infectados.

Unha das mensaxes reiteradas que xurdiron nos inicios desta epidemia foi que os nenos e nenas eran un importante vector de contaxio da infección. Estes argumentos non foron sustentados polos estudos realizados posteriormente. A este respecto, todos dos países informan dunha seroprevalencia en poboación infantil lixeiramente inferior que a da poboación adulta. De feito, e segundo o estudo realizado pola Xunta de Galicia, a poboación menor de 19 anos está netamente menos contaxiada que as persoas de máis idade. A prevalencia de contaxio de menores de 10 anos é do 0,50% e o da poboación entre os 10 e os 19 anos, do 0,56%. A partir dos 20 anos esta prevalencia ascende até un mínimo do 0,90% en calquera franxa de idade.

1.2.1. Cal é a evidencia da transmisión dentro do espazo escolar?

O ECDC publicou o pasado 6 de agosto deste ano unha revisión bibliográfica co obxectivo de analizar as evidencias dispoñibles na poboación infantil e o ámbito escolar, así como avaliar as experiencias na contorna das escolas durante estes últimos meses nos países europeos. No caso da transmisión do virus no ámbito escolar, conclúe o seguinte:

“En relación á transmisión entre os nenos e nenas do virus dentro dos centros educativos, a conclusión das investigacións é que a transmisión entre estes é pouco común e non é a principal causa da infección da Covid-19 dos nenos e nenas”.

1.2.1.2. Cal é a evidencia de transmisión de estudantes a profesores e resto do persoal do ámbito escolar?

Ata a data, nos países onde se fixo un seguimento das escolas onde houbo casos positivos de alumnado infectado (concretamente en Irlanda, Australia e Países Baixos), na escola onde se detectou un Covid-19 positivo nun neno/a e se seguiron os contactos, non se detectaron adultos positivos nese período de seguimento. A conclusión destas investigacións é que os nenos e nenas non son os contaxiadores principais das persoas adultas no ambiente escolar.

1.2.1.3. Cal é a evidencia de transmisión de adultos a alumnado no ámbito escolar?

Hai moi pouca evidencia da posible transmisión entre adultos e alumnado no ambiente escolar. Existe unha ampla evidencia de que se un neno/a é infectado por un adulto, o máis probable é que sexa no fogar debido, probablemente, a que as interaccións entre nenos e nenas e persoas adultas é diferente nos ámbitos familiar e escolar. En resumo, a pesar de que existe unha importante evidencia da transmisión de adultos a nenos/as no ámbito familiar, existe pouca evidencia de que isto ocorra no ámbito escolar.

1.2.1.4. Cal é a evidencia de transmisión entre adultos no ámbito escolar?

Existe pouca evidencia dentro da literatura que informe da transmisión entre adultos no ámbito escolar. En Suecia, onde as escolas para menores de 16 anos permaneceron abertas, o departamento de Saúde Pública analizou os grupos ocupacionais dentro da escola e advertiu que os mestres non tiñan un risco superior ao da poboación xeral. A evidencia parece indicar que os adultos non teñen un risco superior de contraer SARS-CoV-2 dentro da escola que no ámbito comunitario ou familiar.





1.3. A PREVENCIÓN ANTE A COVID-19 E O MODELO DO QUEIXO SUÍZO

Jame Reason propuxo no ano 1990 un modelo para explicar por que ocorren os desastres, accidentes ou fallas nos sistemas complexos. Este modelo explica que cada medida de prevención (máscaras, distancia social, hixiene de mans, vías de entrada e saída diferenciadas) compórtase como segmento de queixo. Porén, estes elementos non son perfectos.


Teñen defectos e debilidades e estas represéntase polos buracos. Cada unha das medidas por si só non garanten a necesaria protección e cando estas debilidades se aliñan, ocorre a infección. Pola contra, introducir varias medidas preventivas limitan as posibilidades de propagación do virus.

MODELO DEL QUESO SUIZO

James Reason



Por iso, a estratexia de prevención que se utiliza en relación á Covid e se describe neste documento, é a suma dun conxunto de accións que permitirán diminuír a transmisibilidade do virus. Unha só non será quen de bloquear a transmisión do virus, pero un conxunto de medidas conxuntas permitirá unha redución importante da transmisión do virus.



Resumo das evidencias dispoñibles en relación á Covid-19 e a poboación infantil

- Baixa taxa de enfermidade por COVID 19 en nenos, sendo menor canto máis novos.
- Baixo risco de transmisión de nenos a partir de estudos de convivencia. Raramente o neno é a fonte principal de infección por COVID-19 nos estudos de gromos publicados ata agora.
- Baixa incidencia e baixo risco de enfermidade mesmo en nenos con morbilidades previas.
- Baixa propagación de SARS-Cov-2 entre nenos en ámbitos escolares.



2. FUNDAMENTOS DA AUTOPROTECCIÓN E DA PREVENCIÓN DE RISCOS

2.1. PRINCIPIOS SANITARIOS BÁSICOS

De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral ditadas pola Xunta de Galicia e coas previsións do “Plan de Reactivación no ámbito infantoxuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2” deberán terse en conta as seguintes medidas preventivas para evitar a aparición de novos gromos e eventualmente deter unha posible transmisión comunitaria e polo tanto adoptaranse medidas que permitan un labor de vixilancia e monitorización continuas, tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos, como para o seguimento deles.

Para isto, adoptaranse as seguintes medidas:

- Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo e priorizarase para o alumnado de menor idade, polo menos ata o cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria. Excepcionalmente, poderán impartirse semipresencialmente as ensinanzas de bacharelato, formación profesional, así como as ensinanzas de réxime especial.
- A suspensión xeneralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, unicamente se adoptará ante situacións excepcionais.
- Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades educativas especiais ou pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, baseándose nas indicacións das autoridades sanitarias.

- Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas sempre que sexa posible, se realicen de forma telemática.
- Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na Covid-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e dous membros do profesorado (nos centros de menos de seis unidades o equipo poderá constituírse cunha soa persoa). Correspóndelle á persoa titular da dirección do centro o nomeamento dos restantes membros. Tamén lle corresponderá á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración. En cada centro educativo establecerase unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa, en particular, coa periodicidade que estableza a dirección, informará ao consello escolar do centro sobre as medidas adoptadas e, de ser o caso, da evolución dos diferentes escenarios.
- Os centros educativos terán un centro de saúde de atención primaria de referencia onde se poida poñer en contacto coa persoa responsable do equipo Covid do centro educativo para resolver calquera dúbida ou incidencia no centro relacionado coa Covid-19.
- O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha autoenquisa diaria para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. A enquisa non ten que comunicarse aos centros educativos, senón que se deberán adoptar polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da autoavaliación e comunicarlle ao centro a ausencia.
- Recoméndase a menor rotación posible do persoal e profesorado, organizando equipos estables para reducir os contactos.

- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria co fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que ser enviados ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa de autoavaliación, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de, polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa, os proxenitores ou titores non enviarán o alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.
- No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable, como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios -que rexerán a asistencia á clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria- serán os que recomenden o médico ou pediatra.



2.2. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Os catro puntos chave da prevención da transmisión do SARS-CoV-2 van dirixidos á:

- a) Distancia de seguridade.
- b) Utilización da máscara de protección.
- c) Hixiene de mans.
- d) Intensificación da ventilación dos espazos pechados.

2.2.1. DISTANCIA DE SEGURIDADE

Manterase unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo. Evitar coincidir en grupo en lugares de espazo reducidos.

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

A distancia que hai que manter entre os postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición será a existente dende o centro das cadeiras.

2.2.2. UTILIZACIÓN DA MÁSCARA DE PROTECCIÓN

En virtude da “RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade”, introdúcense novas normas no uso das máscaras ante o inicio do curso escolar.

a) Obriga xeral

O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada.

Utilizaranse máscaras hixiénicas ou cirúrxicas en todos os espazos do centro (abertos ou pechados). A utilización doutro tipo de máscaras con válvula non está permitida.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.

Recomendase o uso da máscara para persoas entre 3 e 6 anos se a toleran adecuadamente.

Para os casos da utilización do transporte ata o colexio, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara, e recomendado o seu uso para as persoas entre 3 e 6 anos, nos medios de transporte público como por autobús ou ferrocarril, así como nos transportes e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor cando coincidan nel varias persoas non conviventes.

b) Condicións do uso da máscara

Deberá dársele un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

Ao tusir ou esberrar, se por un motivo excepcional é necesario quitar a máscara, hai que tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre afastándose do resto das persoas.

Nas salas de uso común do profesorado, deberase manter a distancia de seguridade, sendo o uso de máscara obrigatorio excepto para o momento en que se inxiran alimentos ou bebidas.

c) Excepcións á obriga do uso da máscara

A obriga de uso de máscara non será esixible nos seguintes supostos:

1. As persoas menores de seis anos, aínda que é recomendada para as persoas entre os 3 e 6 anos se a toleran ben.
2. Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar esta, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
3. Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.
4. Nas praias e piscinas, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nelas.
5. En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

d) Que pasa se alguén do alumnado ou persoal non quere usar máscara?

Teñen consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que se respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.



2.2.3. HIXIENE DE MANS

A hixiene de mans consistirá nun lavado frecuente e meticuloso destas con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo, a duración mínima será de 40 segundos no caso de lavado con auga e xabón e de 20 segundos no caso da utilización do xel hidroalcohólico

Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca, e será necesario realizar unha hixiene completa de mans antes e despois da utilización de material compartido.

Á entrada e saída do centro, esixiráselles a todas as persoas a realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento.

Habilitaranse dispensadores de solución alcohólica na a entrada e en espazos comúns.

Realizarase hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos...) e/ou obxectos contaminados.

Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos. Cando exista na portaría ou na administración do centro un espazo no que se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura, porén realizarase previamente a correcta hixiene de mans. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel hidroalcohólico. Nos supostos nos que exista un dispositivo informático a disposición do público xeral, cada usuario deberá realizar a hixiene de mans antes do seu uso.

O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel, así como ao persoal Auxiliar Técnico Educativo naqueles usos de asistencia á hixiene persoal do alumnado atendido, tal e como se viña facendo antes da emerxencia sanitaria.

2.2.4. INTENSIFICACIÓN DA VENTILACIÓN DOS ESPAZOS PECHADOS

Os espazos pechados deberán ventilarse por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e, se fose posible, entre as clases, se as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitisen, deberá manterse as xanelas abertas o máximo tempo posible.

Deberase incrementar a subministración de aire fresco e non se debe utilizar a recirculación do aire interior.

3. PERSOAL ESPECIALMENTE VULNERABLE. TRÁMITES E XESTIÓN

3.1. INTRODUCCIÓN

De conformidade co “Procedemento de actuación para os Servizos de Prevención de Riscos Laborais fronte a exposición ao SARS-CoV-2” publicado polo Ministerio de Sanidade, o servizo sanitario do SPRL debe avaliar a presenza de persoal traballador especialmente sensible en relación á infección de coronavirus SARS-CoV-2, establecer a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección. Para iso, terá en conta a existencia ou inexistencia dunhas condicións que permitan realizar o traballo sen elevar o risco propio da condición de saúde da persoa traballadora.

Coa evidencia científica dispoñible a data 15 de xaneiro de 2021 (Información científico-técnica sobre o COVID-19, do Ministerio de Sanidade; ECDC; CDC), o Ministerio de Sanidade definiu como grupos vulnerables para COVID-19 as persoas con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.

Para cualificar a unha persoa como especialmente sensible para SARS-CoV-2, debe aplicarse o indicado no primeiro parágrafo. Esa avaliación é a única actividade técnica que poderá servir de base para tomar as decisións técnico preventivas adaptadas a cada caso.

ANEXO IV. GUÍA DE ACTUACIÓN PARA LA GESTIÓN DE LA VULNERABILIDAD Y EL RIESGO EN ÁMBITOS NO SANITARIOS O SOCIOSANITARIOS

Grupos vulnerables	Patología controlada				Patología descompensada				Comorbilidad ≥ 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral												
Enfermedad cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermedad pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermedad hepática crónica severa	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Insuficiencia renal crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Inmunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cáncer en tratamiento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
	Sin patología				Patología controlada				Patología descompensada			
Mayores de 60 años	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
	Sin patología añadida				Patología añadida controlada				Patología añadida descompensada			
Obesidad mórbida (IMC>40)	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
	Sin complicaciones ni comorbilidades				Con complicaciones o comorbilidades							
Embarazo	1	3	3	3	1	4	4	4				

NR1 (Nivel de riesgo 1): Similar a riesgo comunitario, trabajo sin contacto con personas sintomáticas.

NR2 (Nivel de riesgo 2): Trabajo con probabilidad de contacto con personas sintomáticas, manteniendo la distancia de seguridad y sin actuación directa sobre ellas.

NR3 (Nivel de riesgo 3): Asistencia o intervención directa sobre personas sintomáticas, con EPI adecuado y sin mantener la distancia de seguridad.

NR4 (Nivel de riesgo 4): Profesionales no sanitarios que deben realizar maniobras generadoras de aerosoles a personas COVID+, como por ejemplo RCP.

1	No precisa ni adaptación ni cambio de puesto, permanece en su actividad laboral habitual.
2	Continuar actividad laboral. Puede realizar tareas con exposición a personas sintomáticas con EPIs adecuados.
3	Puede continuar actividad laboral sin contacto con personas sintomáticas. Si imposibilidad, tramitar PREL o IT como Trabajador Especialmente Sensible.
4	Precisa Cambio de Puesto de Trabajo y, de no ser posible, tramitar PREL o IT como Trabajador Especialmente Sensible.

IT: incapacidad temporal. PREL: prestación riesgo embarazo lactancia.

3.2. XESTIÓN DAS PETICIÓNS

As persoas que se encontran dentro dos grupos vulnerables definidos polo Ministerio de Sanidade, poden solicitar a súa valoración por parte da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Cultura e Universidade, ou, se é o caso, o servizo de prevención alleo mediante “Solicitud para o estudo da vulnerabilidade fronte ao Covi-19”.

Este modelo pódese descargar de:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus>

SOLICITUDE PARA O ESTUDO DA VULNERABILIDADE FRONTE AO COVID-19	
INFORMACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: (todos estes datos son obrigatorios)	
Consellería:	
Centro de Traballo/ Unidade Administrativa:	
Responsable do Centro:	Núm. Teléfono:
Nome e apelidos do/a traballadora/a solicitante:	
Posto de traballo:	
Data de nacemento:	
DNI:	
Teléfono:	Correo Electrónico:
BREVE DESCRICIÓN DO POSTO	
<p>A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que sofre algunha das patoloxías/ situacións determinadas polo Ministerio de Sanidade como grupos vulnerables (deberá dispoñer do informe médico que o acredite que lle será solicitado polo servizo de prevención)</p>	
Asdo.: _____	

Enviar ao correo electrónico: servizodeprevencion@edu.xunta.gal

4. PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido na “Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales” e na “Lei 2/2015 , do 29 de abril, do empregado público de Galicia”, todas aquelas persoas que teñan coñecemento de calquera tipo de información médica ou relacionada coa infección do coronavirus SARS- CoV-2, das persoas usuarias ou traballadoras do centro no que se encontre:

SÓ PODERÁN COMUNICALO MEDIANTE AS CANLES HABILITADAS PARA TAL FIN, E DEBERASE RESPECTAR SEMPRE O PRINCIPIO DE SIXILO PROFESIONAL INTRÍNSECO A TODO O PERSOAL PERTENCENTE A UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Dende a Consellería de Cultura, Educación e Universidade foi habilitada unha canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a Central de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro. A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os fluxos de información.



5. DOCUMENTACIÓN E FONTES DE INFORMACIÓN

Neste apartado nomearemos as fontes de información de referencia ás que calquera persoa dentro do ámbito da educación pode acceder co fin de consultar calquera tipo de dubida.

- www.edu.xunta.gal (protocolos relativos a Covid)
- www.sergas.gal (protocolos relativos a Covid)
- www.issga.xunta.gal (protocolos relativos a Covid)
- Estratexia de diagnóstico, vixilancia e control na fase de transición da pandemia. Dispoñible en: https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/COVID19_Estrategia_vigilancia_y_control_e_indicadores.pdf.
- Orden SND/404/2020, de 11 de mayo, de medidas de vigilancia epidemiológica de la infección por SARS-CoV-2 durante la fase de transición hacia una nueva normalidad. Dispoñible en: <https://www.boe.es/eli/es/o/2020/05/11/snd404>
- Información científica-técnica sobre el Covid-19. Dispoñible en: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social - Profesionales - Información científico-técnica, enfermedad por coronavirus, COVID-19
- Real Decreto-ley 6/2020, de 10 de marzo, por el que se adoptan determinadas medidas urgentes en el ámbito económico y para la protección de la salud pública. Dispoñible en: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-3434
- Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales. Dispoñible en: <https://www.boe.es/eli/es/l/1995/11/08/31/con>

- Real Decreto 664/1997, de 12 de mayo, sobre la protección de los trabajadores contra los riesgos relacionados con la exposición a agentes biológicos durante el trabajo.
Disponible en: <https://www.boe.es/eli/es/rd/1997/05/12/664/con>
- Real Decreto 773/1997, de 30 de mayo, sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud relativas a la utilización por los trabajadores de equipos de protección individual.
Disponible en: <https://www.boe.es/eli/es/rd/1997/05/30/773/con>
- Reglamento (UE) 2016/425 del Parlamento Europeo y del Consejo de 9 de marzo de 2016 relativo a los equipos de protección individual y por el que se deroga la Directiva 89/686/CEE del Consejo.
Disponible en: <https://www.boe.es/doue/2016/081/L00051-00098.pdf>
- Real Decreto 1591/2009, de 16 de octubre, por el que se regulan los productos sanitarios.
Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2009/BOE-A-2009-17606-consolidado.pdf>
- Recomendación (UE) 2020/403 de la Comisión de 13 de marzo de 2020 relativa a la evaluación de la conformidad y los procedimientos de vigilancia del mercado en el contexto de la amenaza que representa el COVID-1. Disponible en: <http://data.europa.eu/eli/reco/2020/403/oj>
- Puesta y retirada de EPI (WHO). Disponible en:
https://www.who.int/csr/resources/publications/PPE_EN_A1sl.pdf.
- Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo. Prevención de riesgos laborales vs. COVID-19: compendio no exhaustivo de fuentes de información. INSST 2020.
Disponible en: <https://www.insst.es>

- Normas técnicas:

UNE-EN 149:2001 + A1:2010 Dispositivos de protección respiratoria. Medias máscaras filtrantes de protección contra partículas. Requisitos, ensayos, marcado. UNE-EN 143:2001+ A1:2006 Equipos de protección respiratoria. Filtros contra partículas. Requisitos, ensayos, marcado.

UNE-EN 140:1999 Equipos de protección respiratoria. Medias máscaras y cuartos de máscara. Requisitos, ensayos, marcado.

UNE-EN ISO 374-5:2016 Guantes de protección contra productos químicos y los microorganismos peligrosos. Parte 5: Terminología y requisitos de prestaciones para riesgos por microorganismos. (ISO 374-5:2016) (Ratificada por la Asociación Española de Normalización en junio de 2017).

UNE-EN 14126: 2004 y UNE-EN 14126: 2004/AC: 2006 Ropa de protección. Requisitos y métodos de ensayo para la ropa de protección contra agentes biológicos.

UNE-EN 14605:2005 + A1:2009 Ropa de protección contra productos químicos líquidos. Requisitos de prestaciones para la ropa con uniones herméticas a los líquidos (Tipo 3) o con uniones herméticas a las pulverizaciones (Tipo 4), incluyendo las prendas que ofrecen protección únicamente a ciertas partes del cuerpo (Tipos PB [3] y PB [4]).

UNE EN 166:2002, Protección individual de los ojos. Especificaciones.

- World Health Organization. Infection prevention and control during health care when novel coronavirus (nCoV) infection is suspected. Interim Guidance. WHO: Geneva; 2020.
Dispoñible en: [https://www.who.int/publications-detail/infection-prevention-and-control-during-health-care-when-novel-coronavirus-\(ncov\)-infection-is-suspected](https://www.who.int/publications-detail/infection-prevention-and-control-during-health-care-when-novel-coronavirus-(ncov)-infection-is-suspected)
- European Centre for Disease Prevention and Control. Infection prevention and control for the care of patients with 2019-nCoV in healthcare settings. ECDC: Stockholm; 2020.
Dispoñible en: <https://www.ecdc.europa.eu/en/publications-data/infection-prevention-and-control-care-patients-2019-ncov-healthcare-settings>
- Centers for Disease Control and Prevention. Interim Infection Prevention and Control Recommendations for Patients with Confirmed Novel Coronavirus (2019-nCoV) or Patients Under investigation for 2019-nCoV in Health care Settings. CDC: Atlanta; 2020.
Dispoñible en: <https://www.cdc.gov/coronavirus/2019-nCoV/hcp/infection-control.html>





XUNTA
DE GALICIA